

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SAUDABLE DO DÍA 24/07/2025****ASISTENTES**

PRESIDENTA: D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

VOGAIS: D^a. MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, en substitución de D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ
D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a Luisa María Sánchez Méndez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día vinte de xuño de dous mil vinte e cinco.

**2.- Dar conta do "EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DEPORTIVO PARA O
EVENTO ARENA HAND BALL TOUR-ARENA 1000 NO CONCELLO DE SANXENXO".**

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo que está dotado con 50.000,00 euros para a celebración do evento Arena Handball Tour – Arena 1000 Sanxenxo 2025. A data de celebración do evento foi entre os días 4 ao 6 de xullo de 2025.



3.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA HABITUAL".

A presidenta dá conta das bases que regulan o procedemento para a concesión de axudas aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2025.

Estas axudas están dirixidas á adquisición de vehículos, remolques ou aparellos específicos para deportistas con discapacidade, así como á adaptación de vehículos, co fin de facilitar os desprazamentos a adestramentos, competicións e outras actividades propias do seu ámbito de actuación. Os clubs deportivos que opten ás axudas deberán estar legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

O programa convócase con cargo á aplicación orzamentaria 25/340.3410.789.05, conta cunha dotación total de trescentos mil euros (300.000,00 €). Establécese unha repartición diferenciada do crédito dispoñible, asignando para o ámbito do deporte xeral un importe máximo de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), para o deporte náutico cen mil euros (100.000,00 €), e para o deporte dirixido a persoas con discapacidade cincuenta mil euros (50.000,00 €).

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte da súa publicación no BOPPO e BDNS e remata o 20 de agosto do presente ano. O prazo para a presentación das xustificacións remata o 31 de xaneiro de 2026.

4.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025".

A presidenta dá conta das bases que teñen por obxecto a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2025, que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia. Están dirixidas ás asociacións e grupos informais.

O prazo de presentación de solicitudes comezou o día seguinte da súa publicación no BOPPO e BDNS e rematou o 14/03/2025. O prazo de presentación da documentación xustificativa remata o 27 de febreiro de 2026.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 10:35 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretaria dou fe.

